



# Concello de Viveiro

**BASES ESPECÍFICAS POLAS QUE SE ESTABLECEN AS NORMAS PARA A SELECCIÓN DE PERSOAL, CON CARÁCTER TEMPORAL, PARA PRESTAR SERVIZOS NO CONCELLO DE VIVEIRO A TRAVÉS DO PROGRAMA DE FOMENTO DE EMPREGO NO MEDIO RURAL (APROL RURAL) NO CONCELLO DE VIVEIRO (1 PRAZA DE OFICIAL FORESTAL PARA O ANO 2024).**

## 1.-OBXETO DA CONTRATACIÓN.

Por parte do concello de Viveiro vaise proceder á contratación de 1 traballador para a realización de obras e de prestación de servizos de competencia municipal; PLANIFICACIÓN PREVENTIVA FORESTAL ( 1 OFICIAL FORESTAL) .

A totalidade dos contratos encádranse na subvención concedida ao Concello de Viveiro pola Consellería de Emprego e Igualdade ao amparo da ORDE do 26 de DECEMBRO de 2023 pola que se establecen as bases que regulan as subvencións para o fomento do emprego no medio rural (Aprol rural), e procédese á súa convocatoria para o exercicio do ano 2024 (código de procedemento TR351G).

A presente convocatoria ten por obxecto a selección de 1 traballador, a xornada completa cunha duración de nove meses, mediante o sistema de concurso, segundo as bases xerais polas que se establecen as normas para a selección do persoal mediante contratación temporal ao amparo da ORDE do 26 de decembro de 2023 pola que se establecen as bases que regulan as subvencións para o fomento do emprego no medio rural (Aprol rural), e procédese á súa convocatoria para o exercicio do ano 2024 (código de procedemento TR351G).

## 2.- CARACTERÍSTICAS DAS CONTRATACIÓNS.

### A.- OFICIAL FORESTAL

**Prazas a convocar: 1 praza de OFICIAL FORESTAL.**

Para o exercicio profesional de **planificación preventiva forestal.**

Duración do contrato: 9 meses

Grupo de cotización 8

Tipo de contrato: contrato temporal de cláusulas específicas de contratos vinculados a programas de políticas activas de emprego.

Xornada de traballo: traballo a quendas, incluídos sábados, domingos e festivos.

## 3.-REQUISITOS DOS SOLICITANTES.

Para seren admitidos na convocatoria os aspirantes ademais dos requisitos establecidos nas bases xerais deberán:

-O OFICIAL PERTENCE AO GRUPO C2 segundo a RPT do concello de Viveiro polo que deberá estar graduado/a en educación secundaria obrigatoria, graduado/a escolar, técnico/a (formación profesional de grao medio) ou equivalente.

- Estar desempregados inscritos no Servizo Público de Emprego de Galicia como demandantes non ocupados e estar dispoñibles para o emprego (tanto no momento da selección como no da formalización do contrato de traballo temporal).

- Non ser contratados no ano anterior por un periodo igual ou superior a nove meses con cargo ás axudas concedidas no ano 2023 pola Consellería de Emprego e Igualdade no ámbito de colaboración coas entidades locais e coas entidades sen ánimo de lucro, en materia de políticas activas de emprego, para a contratación de persoas traballadoras

Maria Loureiro Garda (1 para 1)  
RESOLUÇÃO APROL RURAL  
DATA SÍMBOLO: 30/04/2024  
HASH: 9483e358954ca660f503b3748f5e6c16f





## Concello de Viveiro

---

desempregadas, non poderán ser contratados con cargo ás axudas previstas nesta orde, salvo en concellos rurais de menos de 2000 habitantes.

Coñecemento do idioma galego: **CELGA 3.**

Viveiro, á data que consta á marxe

**(Documento asinado dixitalmente a marxe)**

